

## Letras Galegas 2011. Lois Pereiro

**Xosé Ramón Pena (coordinador)**

### Formas de citación recomendadas

#### 1 | Por referencia a esta publicación electrónica\*

PENA, XOSÉ RAMÓN (COORD.) (2011 [2011]). “Letras Galegas 2011. Lois Pereiro”. Vigo: Faro de Vigo, suplemento “Faro da Cultura”, 17 de maio. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1235>>.

#### 2 | Por referencia á publicación orixinal

PENA, XOSÉ RAMÓN (COORD.) (2011). “Letras Galegas 2011. Lois Pereiro”. Vigo: Faro de Vigo, suplemento “Faro da Cultura”, 17 de maio.

\* Edición dispoñíbel desde o 27 de setembro de 2011 a partir do arquivo en PDF de libre acceso disposto por *Faro de Vigo* no seu web en maio de 2011. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

# Faro *da* Cultura

Nº 373 ■ MARTES, 17 DE MAIO DE 2011

Coordina: Xosé Ramón Pena

Pídeme Xosé Ramón -Moncho- Pena que conte no **FA-RO DA CULTURA** como vivín o primeiro Día das Letras Galegas. Intentarei compracelo de contado.

En 1963 cumpríanse cen anos da publicación de *Cantares Gallegos* de Rosalía de Castro, ocasión que Francisco Fernández del Riego quixo pór en valor ao servizo da Patria. De xeito que o vello amigo, apoiado por Xesús Ferro Couselo e Manuel Gómez Román, conseguiu que a Academia Galega declarase o 17 de Maio "Día das Letras Galegas", celebración destinada a se perpetuar a través de todos os séculos futuros. Presidía daquela a nosa institución o xurista Sebastián Martínez-Risco e Macías, procedente de Izquierda Republicana.

Convén precisar que o Réxime, especialmente a policía político-social, consideraba, e con razón, a Del Riego e a Gómez Román como "galeguistas" e "desafectos" á ditadura franquista. Canto a Ferro Couselo, igualmente democrata e galeguista, na ficha del constaba que fixera a Guerra Civil na "zona roja" e encadrado na CNT.

Por aquel tempo, eu traballaba no colexio Fingoi, de Lugo, como profesor de francés. O director do centro, Ricardo Carballo Calero, galeguista e oficial que fora no Exército Republicano, informoume do acordo tomado na Academia, pero nin el nin eu pensamos en facer calquera acto o Día das Letras Galegas en Fingoi ou noutro lugar de Lugo. Quen si se mobilizou, decatándose inmediateamente da importancia daquela oportunidade, foi Xesús Alonso Montero, que daquela era catedrático nun instituto da cidade e militaba no PCE.

Coido que Alonso Montero se puxo en contacto con Celestino Fernández de la Vega, secretario técnico do Goberno Civil, para arranxar os permisos necesarios. Conseguídos estes, preparou coidadosamente o primeiro Día das Letras Galegas. A posta en escena resultou sorprendente.

Nun salón de actos cedido pola administración pública—non sei se no edificio do mesmo Goberno Civil—, formouse unha presidencia na que figuraban varios xerarcas franquistas, entre os que destacaba o gobernador militar da praza de Lugo, en uniforme de xeneral de brigada. Un gran retrato de Franco ollaba para o público cun xesto que me pareceu ameazante. Por cima do "Generalísimo", lucía un crucifixo de grandes dimensións como era regra do réxime totalitario e nacionalcatólico.

O peso do acto levouno un Alonso Montero de verbo brillante, que usou o galego para expór a súa interpretación de Rosalía de Castro en clave de realismo social. Eu falei tamén en galego e nunha liña de compromiso social ben semellante. Ao amosar as ideas que a lectura de Rosalía me suscitaba, tiven medo das autoridades do réxime represivo. Un medo tal que me paralizou os músculos que median entre o nariz e o labio superior, de xeito que a miña alocución debeu de resultar moi pouco convincente. Tiña eu, aquel 17 de Maio de 1963, vinte e cinco anos e estaba en plena "Operación Paloma Mensajera". Tratábase de construír, en clandestinidade, un Consello da Mocidade e, ulteriores, un partido nacionalista de esquerda. Por aquelas datas sentía os ollos da policía franquista asexando en cada esquina. Para rematar o acto, Rafael Báñez, alumno de Preuniversitario, recitou moi ben algúns poemas de Rosalía. Báñez, andando o tempo, sería avogado laboralista e militante do PCE.

As autoridades, entre as que se incluía aquel incedente brigadier co peito inzado de condecoracións, abandonaron o salón "y no hubo nada" (Cervantes). A muller de Carballo Calero, Ignacia Ramos, colleume dun brazo e díxome: "Se non fose polo Cristo e polo retrato de Franco, unha diría que deu a volta a tortilla e que chego a III República, oíndo o que ti e mais Alonso predicastes". Celestino Fernández de la Vega estaba, pola súa banda, moi satisfeito.

Ao día seguinte, e na terraza do café Madrid, sempre en Lugo, Ánxel Fole acusounos aos participantes no acto das Letras de colaboracionistas. Contesteille coa dureza que esixía o seu insulto.

Pasar, non pasou nada do que eu temía. Fraga Iribarne era ministro de Información e Turismo e iniciaba, xa daquela, a súa maquiillaxe pseudo-democrática do franquismo. Daba tamén pasos na dirección dun achegamento persoal ao galeguismo. Isto concretoouse nun fei-

to: a creación dun Premio Nacional de Poesía—dos de Madrid, por suposto— en galego. Formaron parte do xurado Carballo Calero e Alonso Montero. Resultou premiado o libro *Entre o si e o non*, de Xosé Luís Franco Grande.

Por outra banda, Otero Pedrayo despregou unha grande actividade, acudindo a varios foros de Galicia a disertar sobre Rosalía de Castro en ocasión daquel primeiro Día das Letras Galegas. Tal día non deixou de crecer en relevancia e significación.

## Memoria do Día das Letras

O 17 de Maio  
de 1963 en Lugo

XOSÉ LUÍS MÉNDEZ FERRÍN





Cando un engarra na poesía de Lois Pereiro, unha das impresións de maior impacto que recibe é a do oceánico caudal de lecturas que agochan os seus versos. Son tantas e tan variadas as fontes literarias que gravitan sobre dos poemas que causa admiración o extraordinario tecido de citas e de homenaxes, de re, contra e postescritas que asolagan as pregas todas da súa poesía.

Pereiro foi un lector voraz, atreveríame a dicir que case compulsivo. Ben poucas tradicións próximas, contados períodos literarios e escasos grandes autores da contorna europea lle foron alleos. Viviu proxectado nas súas lecturas, foi un con elas, porque o camiño das palabras que o precederon e lle eran coetáneas foi o vieiro polo que, naturalmente, agromou a escrita propia.

Quen desembarque nos palimpsestos literarios —felizmente posprocesados e feitos propios— que son *Poemas 1981/1991* (1992), *Poesía última de amor e enfermidade* (1995) e *Poemas para unha Loia* (1997) descubrirá ata que punto ler a Pereiro é deixarse sorprender por unha particularísima loxa literaria que presta a palabra ao seu irmán para que este module o verso ata atopar a súa singular, xenuína e incomparable voz.

Polas composicións de Pereiro desfilan autores anglófonos moi queridos para o autor, poetas e narradores tanto insulares como estadounidenses aos que a súa sabenza políglota lle daba acceso directo, como Ezra Pound, Donald Barthelme, James Graham Ballard, William Shakespeare, Raymond Carver, Charles Bukowski, William Butler Yeats e, sobre todo, Thomas Stearn Eliot e James Joyce, os máis citados.

Do mesmo xeito, tamén o exemplo dos creadores galos se fixo patente na súa praxe poética, o que explica a querenza



Lois Pereiro (1958-1996).

# Palimpsesto Pereiro

Apuntamentos para una cartografía lectora

ARMANDO REQUEIXO

confesa por Paul Éluard, Charles Baudelaire, Georges Bataille, Paul Valéry, Gerard de Nerval, Guillaume Apollinaire ou Jean Paul Sartre.

Por suposto, a literatura pe-

ninsular non tiña misterios para a súa infatigable paixón lectora, que o levou de Carlos Bousoño a José Ángel Valente, de Octavio Paz a Juan Ramón Jiménez, pasando por José María Fonollosa

e o gran Luis de Camões.

Entre os nosos, tiveron tamén acubillo no gume dos seus versos o Fole máis telúrico (a quen dedicou todo un poema que foi incluído no libro colectivo *Es-*

Mais non só na poesía de Lois Pereiro se fai evidente a súa vastísima cultura lectora. Tamén no eido do narrativa son rastrexables as pegadas de Joyce e Woolf, de Lezama Lima e Bernhard e mesmo de Robert Walser no seu *Náufragos do paradiso*, do mesmo xeito que o relato breve "Insomnio" ten un aire á prosa de Carver.

A veciñanza con todos estes escritores foi tanta que Pereiro non puido —nin seguramente quixo— deixar de escribir reveladores ensaios curtos sobre algúns deles. É o caso de dos artigos "Ezra Pound" e "Thomas Bernhard, o móbil do suicidio", aparecidos ambos na revista *La Naval*, onde abundou sobre a visión de arrebatadas imaxes épicas de

## Outras presenzas

fragmentación culta do primeiro e a voz maldita e de lucidez xenial do segundo. Mais tamén o son as reflexións sobre certos "Dandys, eterómanos e infames" como Rémy de Gourmont, Jean Lorrain, Auguste Villiers de L'Isle-Adam, Jules Amédée Barbey D'Aureville, Petrus Borel, Gérard de Nerval ou Sheridan Le Fanu.

Por descontado, tamén na "Modesta proposición para renunciar a facer xirar a roda hidráulica dunha cíclica historia universal da infamia" habitan

os socialistas utópicos e os anarquistas cos ilustrados franceses, os simbolistas con Alfred Jarry e Ubú, os poetas herméticos e os sociais, o expresionismo e o comunismo surreal, Esquilo e Chejov, Brecht e Carroll, Melville e Cioran e Genet, Celan, Valente, Schopenhauer, Pound, Poe, Yeats, Dylan Thomas, Eliot, Joyce, Homero, Dante, Shakespeare...

Porque Lois Pereiro, poetaise, narrase ou escribise ensaios, non deixou endexamais de ser un home do seu tempo, consciente como poucos de que a súa era unha escrita incardinada nunha milenaria carreira de remudas na que o facho da palabra vai pasando duns a outros para nos alumar. E a posta Pereiro brillou con fulgor incomparable.

*Polas súas composicións desfilan autores anglófonos, poetas e narradores*

*critores lucenses arredor de Fole*) e o Castelao referente simbólico, o Curros Enríquez máis clásico e o Cunheiro incomparable, ata o Otero Pedrayo máis sentencioso e oracular (todos catro aludidos nun mesmo texto, o titulado "¿Qué é Galicia?", guiño televisivo sui generis que foi, en efecto, emitido pola TVG o 25 de xullo do 1988 e que se conta, ao meu ver, entre o mellor que deixou escrito o poeta).

Mais, se houbese que apuntar unha veciñanza natural para a poesía de Pereiro, esta habería que residenciala, sen dúbido, entre os creadores da lingua de Goethe. Demostra o que digo o diálogo que os seus textos manteñen con outros de Thomas Mann, Gottfried Benn, Paul Celan, R. M. Rilke, F. Hölderlin e, antes nada e por sobre todos, co seu admirado Thomas Bernhard, a quen o conecta unha afinidade literaria e mesmo vital que nunca se lle ocultou ao de Monforte.

Por suposto, o insondable abismo lector que era Pereiro garda aínda outras moitas presenzas (a da poesía rusa de Vladímir Maiakovski, a dos clásicos latinos como Ovidio ou orientais como o *Baghavad Gita*, a dos recreadores da tradición oral que foron os irmáns Jacob e Wilhelm Grimm e Hans Christian Andersen e, por suposto, a dos textos bíblicos), mais abonden as sinaladas para testemuñar o que sosteño na cabeceira: que poucos, moi poucos escritores galegos das últimas décadas poden presumir dun tan fondo coñecemento directo de tradicións literarias como as expresadas en lingua inglesa, francesa ou alemá, idiomas que, xunto ao portugués, o latín e, xaora, o galego e o castelán, formaban parte da impedimenta comunicativa dun poeta absolutamente excepcional, que podería ter feito súa aquela célebre sentenza de Jorge Luis Borges que confesaba deixar a outros que se prezasen do que tiñan escrito, que el prefería ofanarse polo que deixaba lido.

**aula d**  
ESCOLA DE DESEÑO  
deseño gráfico  
deseño de interiores

acceso directo:  
• bacharelato artístico  
• cun ano de experiencia laboral

probos de acceso:  
(bacharelato ou maiores de 19 anos)  
• ao remate do mes de xuño  
• curso preparatorio dende o 6 de xuño

ciclos formativos de grao superior (título oficial)

Rúa Ourense, 4 / 36211 Vigo  
Tel.: 986 213 627 / 986 214 076  
info@aulad.com / aulad.com

**Federación de Bandas de Música Populares de Vigo**

**AULAS DE MÚSICA NAS BANDAS**  
piano • corda • vento • percusión

A partir de 4 anos  
Grupos de adultos  
Horarios flexibles

Matriculación aberta  
Curso 2011-2012

información xeral 610887916

FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO

Cursos subvencionados por:  
Concellería de Cultura e Animación Sociocultural Concello de Vigo  
Tenencia de Alcaldía Concello de Vigo

AGRUPACIÓN MUSICAL ATLÁNTIDA DE MATAMÁ  
Teléfono 986236389

UNIÓN MUSICAL DE VALLADARES  
Teléfono 657969653

ESCOLA DE MÚSICA DE BEADE  
Teléfono 669833358

UNIÓN MUSICAL DE CORUXO  
Teléfono 696957852

LIRA DE SAN MIGUEL DE OIA  
Teléfono 619819152

ESCOLA DE MÚSICA DA UVCD DE CANDEÁN  
Teléfono 647046925

UNIÓN MUSICAL DE CABRAL  
Teléfono 65585212

ATENEO MUSICAL DE BEMBRIVE  
Teléfono 678635615

AS DELICIAS DO CAIRO  
Teléfono 986487795



Concello de San Cibrao das Viñas

## Día das Letras Galegas

D. Lois Pereiro

O Concello de San Cibrao das Viñas alenta a tódolos veciños para que contribúan a revitaliza-la nosa lingua





"Todo flúe e eu quero ser todos eses ríos distintos cada vez", escribiu Lois Pereiro. Da vitalidade desas palabras nacen as cambiantes paisaxes da súa literatura. Ningunha delas poderá seguir sendo a mesma porque calquera deses ríos que o escritor soñaba nos transporta e fai que cada poucos quilómetros o terreo vaia mudando. Alá lonxe fica a néboa en Monforte, máis lonxe a natureza de Góo, alá a noite de cervexa e whisky de Edinburgo... O lector esvara polas paisaxes de Pereiro como un viaxeiro seguiría o curso da corrente, deixándose levar polas augas que cambian mentres ve desaparecer en pouco tempo aquilo que pasa ante os seus ollos. A contraditoria beleza do efémero.

Lévannos, unha e outra vez, os versos de Pereiro aos dominios da

## Ríos distintos cada vez

Nos dominios da contraditoria beleza

Laura Caveiro

contraditoria beleza, "E o corpo envenenado pasea o castigo/ do sangue agromado da forza de deus". Recenden ao mundo gótico que inzou a atmosfera de Gondal de Emily Brönte. Chegan a mergullarse nesa cultura tan recorrente tamén a finais do século XX "na luz que descobre e perverte/a memoria gótica do terror/que sinto". Se o verso de Brönte "No coward soul is mine" é venerado polos seus seguidores como se fosse o seu epitafio, non menos venerado é esoutro "de vida e de furia necesaria" que Pereiro nos deixou. E se algo hai de certo na afirmación de que cada época xera iconas que lle son propias, aí fican ad aeternum eses versos crepusculares doutra alma non covarde, espello do tempo que lle tocou vivir e símbolo da posmodernidade.

Tamén foron espello do seu tempo os poemas non menos singulares que os días de efervescencia do Subcomandante Marcos e do Exército Zapatista de Libera-

ción Nacional inspiraron a Lois Pereiro. O titulado "Amor e sangue en Chiapas" poderíamos lelo como unha resposta á pregunta que se fai coma saúde tzotzil: "¿como está o teu corazón? / Nel atoparemos un corazón rebelde e zapatista/ obrigado a loitar polo evidente/ cunha serea furia/ antiga e sabia." De causas polas que loitar, e de quen está condenado a transportar sobre os seus ombreiros a enorme pedra que volve caer montaña abaixo, ben sabía o escri-

tor que levaba sobre os seus ombreiros a enfermidade que sempre o obrigaba a comezar de novo. Moito hai de Sísifo nas palabras de Lois Pereiro, como a xeito de diario, do oito de maio de 1995: "Tempo, terei o xusto. Non vou chorar por iso. No mundo que puiden reconstruír son como Atlante: se eu perdo a forza, todo se derruba...". Moito hai na súa poesía do Atlante que sostén as columnas sobre as que se apoia o ceo: "Aque-la noite/ collín a man polo frío dos dedos/ e paseima docemente polos beizos/ querendo atopar os sinais / dos derradeiros berros abortados". Sabendo da beleza do ceo que debe soste escribirá o dezanove de maio de 1995: "Toda a Arte é miña, e a beleza está aí para admirala; pero todo o que eu ame terá que ser libre".

Mos prepárase para celebrar as Letras Galegas conjuntamente co Día da Muíñeira, co fin de poñer en valor os grupos folclóricos do municipio e, ao mesmo tempo, honrar o tradicional baile galego.

Hoxe martes, 17 de Maio, vaíse celebrar, con este motivo, un acto conmemorativo no Centro Multiusos das Pozas, ás once da mañá, coa participación de diferentes asociacións culturais e veciñas cos seus grupos de baile e gaitas, que queren colaborar na conmemoración dunha data tan especial.

Julia Loureiro, concelleira de Cultura do Concello de Mos, explica que, coincidindo coas Letras Galegas, "co Día da Muíñeira, preténdese facer unha homenaxe a todas as asociacións de Mos e aos seus músicos e bailaríns que, co seu esforzo, fan que neste municipio os rapaces e rapazas diferencien unha foliada dunha ribeirana, unha xota dun maneo". É precisamente como homenaxe á cultura, á tradición e a estas asociacións, polo que o Concello de Mos celebra o Día da

## Letras galegas e muíñeiras en Mos

Muíñeira ao longo destes anos. "Este é o día da exaltación dun dos bailes máis representativos da nosa cultura; toda Galiza soa como unha muíñeira; o son e o baile forman parte da nosa cultura e tradición que, grazas ás diferentes asociacións culturais, conseguiu permanecer en Galiza e no corazón dos seus habitantes; son estas asociacións as que estiveron traballando e loitando pola recuperación do folclore popular".

Como resalta Loureiro, con esta celebración, "incentívase e promóvese a música feita na terra" e recorda que Mos "é xa berce dun importante movemento musical, con grandes corais polifónicas, importantes grupos de baile tradicional

e gaitas; cantareiras, que recuperan cantigas de gran valor, e grupos emerxentes da mocidade que xorden con novos estilos". Presente e futuro musical da vila aos que o Concello presta o seu máximo apoio. (R)



Vista do centro Multiusos de Mos.



O concello de Mos celebra as Letras e o Día da Muíñeira.

### Programa:

No acto de hoxe no Centro Multiusos, no que se celebra o Día da Muíñeira, actuarán os grupos Celado de Cela, Follas Novas de Guizán, Arume de Guizán, Nosa Terra de Pereiras, A Ruada de Torroso, Abrente de Torroso, A Cividade de Louredo e Santa Eulalia de Mos. O Día da Muíñeira terá un parón no medio da xornada durante o que as mencionadas agrupacións lle farán unha homenaxe ao autor galardoado este ano co Día das Letras Galegas, Lois Pereiro.



17 DE MAIO

DÍA DAS LETRAS GALEGAS E DÍA DA MUIÑEIRA 2011



A Semana das Letras Galegas é importante para o conxunto da cidadanía galega por moitos motivos. Porén, a sensación que sempre tiven é que, exceptuando as persoas que están relativamente ben informados sobre o noso feito literario, hai moita xente que, ou nin oiu falar do venerable, ou soamente lle soa. Isto é así. Non hai que pechar os ollos.

Máis o caso de Pereiro é especial. Supoño que é especial talmente o foi el en vida e non deixa de ser curioso todo o que rodea esta súa homenaxe.

De entrada, semella factible pensar que puideren estar eclipsados os fastos por mor de dous eventos tamén importantes para todos nós como son o ano Castelao e a celebración do centenario de Álvaro Cunqueiro. Se a isto lle sumamos que o propio Lois Pereiro tardou en publicar en formato libro e que mesmo foi complicado atopar o seu primeiro poemario ata a segunda reedición, o aparente exceso editorial tan propio da Semana das Letras – se ben para moitos é gozoso e concedémoslle a importancia que ten non deixa de ser paradoxal unha concatenación ao tempo de publicacións de e sobre el e a súa obra cando unha das súas características como autor non foi precisamente regularidade editorial. É unha homenaxe xusta, mais contraria ao que, entendemos, foi a súa vivencia como autor: obsesionado pola revisión dos seus poemas. Estaría de acordo Pereiro coa publicación dunha novela inacabada?

Mais o devandito non



Lois Pereiro lendo na casa do seu irmán Xosé Manuel (A Coruña, 1995). // FOTOS: CEDIDAS POR OUVIRMOS

# Popularizar Lois

Da recepción dunha obra singular

HÉITOR MERA



Lois, Xosé Manuel e a nai de ambos (París, 1993).

deixa de ser epitafio existencial dunha persoa que, artisticamente, foi un illó. Sen pretender xeralizar, lembramos que a meirande parte dos autores da súa xeración tiveron presentes unha serie de referentes que a todos nos veñen á cabeza: o Ferrín de *Con pólvora e magnolias* e o Cunqueiro de *Herba aquí ou acolá*. Nun momento no que a literatura galega e a lírica, particularmente, daba un chimpoco cara a diante, nun momento no que os novos poetas desvencéllanse de tendencias anteriores e, a maiores, acomóndanse esteticamente aos novos tempos con esa apertura temática, ese culturalismo tan do gusto dun Miro Villar ou un Claudio Rodríguez Fer; a Lois Pereiro chamábase outro camiño.

Se a autores como os citados lles reinaba ese arrecendo polo mito e o formalismo e erudición lí-

rica, a Pereiro os referentes actitudinais para a súa poesía tiñan outras latitudes. O poeta do Incio estaba máis identificado coa dinámica rebelde, emotiva e actitudinal de Manuel Antonio, salvando as distancias, que co normal percorrer dunha poesía que estaba alcanzando unhas grandes cotas, mais que non enchían necessariamente as súas inquietudes. Desde *Loía* ata o seus poemarios editados en Edicións Positivas, é quen de desenvolver outra poesía. É a outra historia. É a contracultura, a poesía urbana con influencia punk, sen cortarse en poetizar sobre o que está acontecendo nunha sociedade en acelerado cambio como unha testemuña poética para ser entendido no futuro. Pois a súa recepción poética ten moito que ver co que acabamos de dicir. De aí que na semana da súa grande homenaxe partamos dunha vantaxe con respecto cos que o leron no seu momento: a perspectiva dada polo paso do tempo. Cos ollos de hoxe, parécenos que é o poeta actual, vangardista, moderno e dinámico que se podería esperar do momento. Non esquecemos que a recepción da súa poesía na década dos oitenta e non tanto os noventa foi moi limitada ata chegar a esta enchenta de publicacións en ano de 2011. Neste ano en curso espero que entre todos poñamos a Lois Pereiro no lugar que lle corresponde máis alá do coñecemento erudito e especializado. Para sermos fieis á súa poesía, á súa literatura, este é o momento de popularizalo tal e como a súa obra esixe.

	<b>17 de Maio: DÍA DAS LETRAS GALEGAS</b> <b>GRAVACIÓN DE TEXTOS DE LOIS PEREIRO</b> (de 10 a 19 horas). Todos os públicos. <b>"POESÍA ÚLTIMA DE LOIS PEREIRO"</b> , Teatro de Obxectos. (De 19 a 20 horas). Para público xeral. Espectáculo de teatro de obxectos con música en directo baseado en textos do poeta homenaxeado das Letras Galegas 2011, Lois Pereiro. <b>EXPOSICIÓN TEMPORAL LOIS PEREIRO. LÍRICA PUNK.</b> Do 12 de maio ao 26 de xuño de 2011. ENTRADA GRATUÍTA A TODAS AS ACTIVIDADES EXPOSICIÓN TEMPORAIS. Máis información: T. 986 240 130 - <a href="http://www.verbum.vigo.org">www.verbum.vigo.org</a>	<b>18 de Maio: DÍA INTERNACIONAL DOS MUSEOS 2011</b> Neste día o ICOM decidiu chamar a atención sobre a función dos museos como contenedores e transmisores de memoria viva, que contan historias e transmiten o noso patrimonio cultural. <b>"MUSEOS E MEMORIA VERBUM FAHRENHEIT"</b> . Actividade teatral. De 19 a 20 horas. Aforamento: 180 persoas. Para público xeral. Baseada na novela Fahrenheit 451, Verbum Fahrenheit é a historia de dous presos que comparten un mesmo delito: ler nunha sociedade onde a lectura está prohibida e os libros son queimados por bombeiros incendiarios. Verbum <b>FAHRENHEIT</b> Inspirado na novela de Ray Bradbury	Concillería de Cultura e Animación Sociocultural Concello de Vigo Tenencia de Alcaldía Concello de Vigo
	Casa das Palabras		

Lois Pereiro <i>Poesía completa</i> 	Lois Pereiro <i>Modesta proposición e outros ensaios</i> 	17 de maio Letras Galegas 2011 <b>Lois Pereiro</b> <i>Náufrago do paraíso</i> BIOGRAFÍA E ANTOLOXÍA Marcos Calveiro 	Lois Pereiro Vida e obra Iago Martínez 	<p><b>LOIS PEREIRO EN XERAIS</b>  <b>LETRAS GALEGAS 2011</b>                  xerais@xerais.es • <a href="http://www.xerais.es">http://www.xerais.es</a>  <b>en galego todo o tempo</b></p>
--	---	--	--	---





# Pereiro x Pereiro

O xornalista Xosé Manuel Pereiro fálanos de Lois:  
o irmán, o poeta, o home... a escolla das Letras Galegas

LOURDES VARELA

Confesa que, dende hai meses, divide as súas xornadas laborais en dúas partes: unha, dedicada á súa profesión; outra, ás tarefas derivadas da elección do seu irmán Lois como autor homenaxeado no Día das Letras 2011. "Dende o mes de setembro, -conta- non durmo máis aló de catro ou cinco horas ao día". Pero trátase dun esforzo con recompensa: "Para min, o meu irmán Lois sempre foi un motivo de orgullo, tiña chegado a esta conclusión hai tempo, por iso o feito de que a elite da cultura galega coincidise por fin con esta apreciación miña, non pode por máis que encherme de satisfacción. Xa me daba medo que Lois se convertese, permítaseme a licenza, no Borges das Letras Galegas".

## INFANCLIA

"Lois e mais eu fomos rapaces de aldea; máis por parte de avós que de país, e tivemos a sorte de que, entrambos, só nos separasen dezasete meses. Pódese dicir, xa que logo, que eramos da mesma quinta: compartimos deberes da escola e merendas, xogos no faiado, cando chovía, e nas obras en construción, cando facía sol, loitas de vaqueiros e indios, tardes de baños de verán na praia... e non tivemos televisión ata que naceu a miña irmá, cando xa andaríamos polos oito ou dez anos de idade. Pero non é que lle fixeramos moito caso, non: daquela non había moitos programas específicos para nenos, así que nós preferíamos xogar, andar por aí, antes que sentarmos diante do aparello aquel con imaxes (aínda) en branco e negro.

## PRIMEIRAS LECTURAS

"A lectura foi unha paixón común desde que eramos nenos, pero recoñezo que el me adiantou no tocante á exquisitez dos autores elixidos. Alí estaban, nos andeis, os seus libros dos simbolistas franceses a carón dos de Ánxel Fole ou Álvaro Cunqueiro, primeiro, ou dos de Castelao e Manuel Antonio, despois, aos que liamos co sentimento certo de alguén que nos escribe dende moi preto, dende aí ao lado, vaia. Non lembro que Lois escribise antes dos catorce anos, aínda que seguramente fose así, pero en cambio conservo algúns poemas seus de cando tiña quince que, para min, aínda seguen sendo asombrosamente viventes. De todos os xeitos, podo xurar que daquel Lois rapaz a ninguén lle escoitei dicir iso de "este neno vai para poeta" porque, en verdade, polo menos exteriormente, meu irmán non desenvolvía os típicos e tópicos signos de vocación lírica. Outra cousa é como era Lois por dentro, no fondo do seu ser, porque velaí si que añañaba o poeta, o poeta que estaba a crecer: ao cabo, o gran poeta que ía chegar a ser".

## GALEGO EN MADRID.

Lois coñeceu a Manuel Rivas porque lle presentei eu ("teño un irmán que tamén escribe poesía", díxenlle), e eu coñecera a O' Rivas cando, nunha asemblea en Madrid, autoidentificámonos inequivocamente polo acento, malia que el era urbanita e a min, en cambio, notábanseme dabondo os aires da aldea dos meus avós. Manolo adoita contar que, cando lle presentei a Lois, deulle a impresión de que era moito máis vello e máis formal do que aparentaba; pero non tardou tempo en coñecerlo mellor e decatarse do seu erro... Unhas cousas levaron ás outras: decatámonoa de que, en Madrid, eramos máis galegos doa que pensabamos, porque



Xosé Manuel Pereiro, en Vigo // FOTOS: ELI REGUEIRA

alí todo o mundo cho recordaba constantemente. Contactamos con Fermín Bouza, con Reimundo Patiño, con Antón Patiño, con Menchu Lamas... eis o xrmolo dunha revista á que chamamos *Loia*.

## A REVISTA

Ante todo, *Loia* foi un desafogo e, como calquera revista que fai xente de inqueanzas culturais e que ten dezaquito ou vinte anos, máis que unha revista, aquilo era o manifesto duns mozos no "exilio", dispostos a romper con todo, nomeadamente a rachar coa literatura anterior, á que nós considerabamos moi seria, e apostar, dende posición "revolucionarias a tope", por unha fórmula anovadora, distinta.

## O LADO ESCURO.

Sempre que me piden que fale de Lois, teño que aclarar que unha cousa era a súa escrita e, outra, a súa personalidade. Por iso non me extraña que aqueles que non o coñeceron persoalmente dean en pensar que meu irmán era unha especie de "chico triste y solitario", cando nada resulta máis lonxe da realidade. Meu irmán elixiu o lado menos amable da literatura, iso é verdade, pero en cam-

bio era unha persoa encantadora e moi divertida coa que podías compartir, entre risos, dende un partido de fútbol ata unha partida de cartas de tute subastado. Porque Lois, que era moi irónico, adoitaba sacarlle punta a todo, a el gustáballe a vida, amábaa... O que pasa é que, literariamente, sempre se decantou por ese lado, froito, sen dúbida, da lectura dos simbolistas franceses -os que ante citabásemos de dos románticos alemáns e da estética centroeuropea. Entre escribir como Jardiel Poncela e facelo como Franz Kafka, semella ben claro que a elección literaria do meu irmán estivo máis achegada a Kafka. E o caso é que sempre foi así: por iso estou certo de que non existiu un Lois Pereiro antes e outro Lois Pereiro despois da enfermidade: o Lois poeta era o mesmo, esa foi a súa elección ética e estética.

## UN IDEALISTA PESIMISTA

Se cun par de adxectivos se puidese definir a Lois Pereiro, eu diría que eses serían os dun "idealista-pesimista". A nós, na casa, inclucáronnos un xeito de inconformismo que consistía en algo así como "as cousas deben ser como teñen que ser" e que eu coido que resulta ser un sentimento que ten máis rela-

ción coa compaixón que coa rebeldía. A xeración dos 80 foi, seguramente, a derradeira xeración idealista ou, polo menos, ata ela chegaron as pegadas da xeración anterior. Cando nos achegamos á metade da década dos 90, unha boa parte daqueles que, dez ou quince anos antes, pensaban que o mundo non só había que cambiálo, senón tamén que ese cambio era posible, chegados a esa

altura mudaron radicalmente de apreciación existencial e mesmo te miraban mal se che escoitaban dicir o que eles mesmos dixeran había tan só uns poucos anos. Para esa xente, os lemas idealistas estaban vellos, caducos, trasnoitados, e xa os tiñan substituídos por outros máis "realistas" do tipo "enriquecédevos, pásadeo ben, entendede de viños, sabede de gastronomía...". E iso si que rematou por indignar a un meu irmán que daquela se eirixiu nunha especie de combatente contra o hedonismo.

## TIMIDO, ORGULLOSO, VAIDOSO

Lois tiña esa mestura de orgullo e timidez que non lle permitía andar pola vida pedindo cousas. Lembro que o seu primeiro libro editoulo un compañeiro moi achegado, Paco Macías, logo de insistirle ben e que, para o segundo, falei


con Edicións Xerais para ver se llo publicaban. Eles aceptaron, pero tiveron a xenerosidade de indicarlle se non prefería preguntarlle antes ao que miñeira sendo o seu editor. Iso si, Lois é rache moi vaidoso: nunca saía da casa sen deterse ben en mirar o que ía poñer para vestirse ou que libreta levaba ese día para escribir nos bares, cousa que facía habitualmente.

## O COMPROMISO

Lois non formou parte de ningún partido, club, sindicato ou clan de escritores militantes nin no nacionalismo nin en nada, como non fosen iniciativas colectivas ao xeito de *Loia*. Meu irmán concibía o nacionalismo ao seu xeito e, tanto nese aspecto como en calquera outro que tivera que ver co seu grao de compromiso social e político, coido que o deixou ben claro. Dio ben nesa "Modesta proposición" e mais na frase que escribiu nela: "Teño liberdade de acción para exiliar o meu espírito no Ártico, en Asia ou no Nepal, e teño permiso para que nada humano me sexa alieo. Por iso podo decidir militar na miña propia lingua."

## AS CRÍTICAS E AS LETRAS

Estoume a faltar de ter que saír ao paso cada vez que din que a obra do meu irmán non é o suficientemente ampla como para dedicarlle o Día das Letras Galegas. A literatura non se vende ao peso; considero a escolla para o Día das Letras como unha especie de pago aos servizos prestados, recórdame a esas empresas que agasallan con reloxios de ouro a aqueles traballadores en vías de xubilación que "levan connosco cincuenta anos de servizos ininterrompidos". Non, a literatura non é iso, a literatura non se pesa nin se mide en quilos ou centímetros, tampouco en trienios. E que conste que eu non teño nada en contra de aqueles aos que non lles goste a obra do meu irmán; sobre iso non teño nada que dicir, porque, de feito, é imposible gustarlle a todo mundo. Pero iso é unha cousa e, outra, a actitude miserable de atacar unha obra pola razón de que a Academia non escolleu a quen ti querías que escollera.







Lois Pereiro

-A súa biografía de Lois Pereiro caracterízase pola diversidade de voces á que recorre para elaborala. Por que elixiu esta metodoloxía de traballo?

-Escribir de Lois Pereiro é, en realidade, estar escribindo unha crónica de actualidade: el tería 53 anos e a maioría da xente que o tratou -e tamén os que foron os seus lectores- son hoxe as persoas que están a protagonizar boa parte da acción social, cultural -e mesmo política- do país. Pareceume que tan importante como adentrarse na vida do escritor, era contextualizalo, tanto na súa contorna histórica como persoal. Tamén me serviu como exercicio para amosar ata que punto non existe unha única perspectiva: a realidade non é plana; as persoas tampoco.

-Que é o que, ao seu xuízo, fai dos versos e máis do propio dicir de Lois Pereiro unha poesía, unha voz propia, e intransferible, dentro da literatura galega?

-Os bos poetas teñen sempre unha voz propia; é evidente que Lois Pereiro tamén a tiña, sobre todo porque non se deixou levar polas correntes canónicas ou as modas imperantes da homoxeneización. Pero creo que a súa gran referencia, respecto doutros autores da súa xeración, é que Pereiro foi eminentemente popular, en liña con Rosalía de Castro ou Celso Emilio Ferreiro. Trátase dun escritor popular contemporáneo e iso moi poucos souberon -e saben- logralo.

-O de *A palabra exacta*, título que vostede escolleu para a biografía, vén ser a utopía que no fondo buscan todos os escritores? Poderíase definir a poética de Lois Pereiro como unha permanente procura da palabra exacta?

-Lois era un poeta obsesivo cos seus poemas: podía pasar semanas, meses e incluso anos traballando nun verso ou nun texto, buscando a raíz siamesa que existe entre a palabra e a idea. Claro que todos os escritores aspiran a que a palabra sexa exacta, pero eu creo que, ademais, procuraba que a palabra fose a verdadeira, no sentido de exacta e de xusta. Non tivo preguiza ningunha -nin ansiedade- para esperar... O tempo non constituía para el un problema.

-O irmán de Lois, Xosé Manuel, contábase que na escrita de Pereiro non houbo un antes e un despois do padecemento da súa enfermidade (síndrome tóxico, primeiro, e Sida despois) Coincide vostede con esta opinión ou, polo contrario, pensa que si houbo un antes e un despois na obra do poeta, a raíz precisamente do padecemento destas doenzas?

-As experiencias vitais afectan sempre as formas de creación. Ao meu xuízo, os poemas iniciais, os da revista *Loia*, teñen unha marca, unha sintaxe, un exercicio metapoético que non se dá despois no primeiro libro individual... Foi a intoxicación da colza? Talvez, pero había máis feridas abertas, algunhas igual de dolorosas que a enfermidade, como a ruptura da parella con Piedade Rodríguez Cabo... Son feridas que se ían acumulando nunha vida que, como os heroes das traxedias gregas, estaba marcada por unha especie de fatuum... A morte ocupou sempre un lugar central no seu universo.

-Sorprende un pouco que en *A palabra*



FOTO: VICTOR ECHAVE

Antón Lopo

## “A morte ocupou sempre un lugar central no universo de Lois Pereiro”

Co título de *A palabra exacta* (*Galaxia*) e *a cabalo entre o traballo xornalístico e o histórico-literario*, Antón Lopo abordou unha biografía de voces múltiples arredor da vida e da obra do autor bomenaxeado no Día das Letras.

LOURDES VARELA

*exacta se fale de xeito tan natural da adición de Pereiro á heroína. Non tivo ningún problema coa familia á hora de abordar esta te-*

*mática? Tan importante era para vostede abordar esta cuestión?*

-Falar con naturalidade é imprescindible,

neste caso e en todos. Aquí, porque, entre outras razóns, Pereiro sempre o viviu con moita naturalidade, sen ostentación. E, consecuentemente, no libro non se fai en ningún momento ostentación da súa adición, aínda que a alguén lle pode sorprendere que non se oculten riscos, sobre todo nunha sociedade tan hipócrita como a actual. Pero creo que ese Pereiro ao que aludes non ocupa un papel máis rechamante que o Pereiro cargado de humor, quen de sobrepoñerse ás adversidade cun golpe de ironía, capaz de baixar ao fondo do abismo e saír del impulsado polas ás do que era o seu don: a escrita. A familia foi extremadamente xenerosa nesta cuestión ou noutras que a min me parecen máis delicadas: o amor e o desamor.

“A súa poesía está na liña popular de Rosalía ou Celso Emilio Ferreiro”

-O ano pasado, e tamén con motivo do Día das Letras, vostede escribiu unha biografía de Uxío Novoneyra. Atopa algunha conexión entre estes dous poetas que, sendo galegos e escribindo en galego, son tan aparentemente distintos e distantes?

-Pódenselle buscar certas conexións vitais: os dous traballaron desde unha posición periférica, no sentido de desenvolver un traballo con intensidade suma sen facer diso unha fachenda. Os dous tiveron unha forte posición política, pero non foron militantes. Os dous remoían e remoían os seus versos ata que quedaba destilada a esencia da palabra, a súa música.

-Adoita acontecer, cando se afronta a escrita dunha biografía, que ou ben o biógrafo quede farto do personaxe que vén de biografar ou que, polo contrario, acabe namorado, “enmeigado” por tal personaxe. Que sentiu vostede cando rematou a biografía de Lois Pereiro?

-Eu creo que a miña biografía de Pereiro foi man con man: el estaba en cada unha das persoas que entrevistaba, visitábame polas noites, correxíame, enviábame mensaxes taquigráficas nos libros que lía... Sentín que os dous fixeramos un traballo infrecuente: estábamos moi preto da verdade.

-Olla vostede algún tipo de influxo ou de pegada da poesía de Lois Pereiro nalgúns dos máis novos poetas galegos de agora mesmo ou a súa poesía mantén, polo contrario, esa condición de “illa”, de voz irrepitible e intransferible da que antes falabamos?

-Eu creo que todos somos imprescindibles e irrepitibles. Sería difícil imitalo: o que permanece del é ese espírito de poeta popular contemporáneo -era fillo do rock e da súa cultura- que outros poetas adaptan á súa propia voz: a voz, oíla. Iso supoño que é o máis importante: oír a voz no medio do ruído.

O Colexio “María Auxiliadora” - Salesianos desexa a toda a Comunidade Educativa un feliz día das Letras Galegas

Venezuela, 9 - 36203 - Vigo - Teléfono: 986 433 855 - www.salesianosvigo.es

- E. Infantil
- E. Primaria
- E.S.O.
- Bacharelato



Entrega de Premios Centro Cultural Xaime IIIa  
17 de Maio de 2011, ás 17:30 h.

CONFERENCIA:  
“LINGUA E LITERATURA”



DÍA DAS LETRAS GALEGAS  
**XIX CONCURSO LITERARIO**  
XAIME ISLA COUTO



Cúmprense quince anos do pasamento de Lois Pereiro, e dedícaselle o Día de las Letras. Con este motivo, moitas das nosas editoriais publican as obras do poeta e mais biografía e ensaios ao seu redor, como Xerais, Galaxia, Espiral Maior, Ouvirmos, Zouma, Positivas ou Toxosoutsos.


Unha delas é *Lois Pereiro. Poesía completa*, edición de Ana Acuña publicada por Xerais, que comprende os dous poemarios publicados en vida do autor (*Poemas 1981/1991* e *Poesía última de amor e enfermidade (1992-1995)*) e o libro póstumo, *Poemas para unha Loia* –de 1996–, escritos en Madrid entre 1975 e 1978. A edición, non obstante, é cronolóxica, polo que os textos do libro póstumo aparecen en primeiro lugar. Rescátanse, ademais, outros textos, como “Nostalxias siamesas”, publicado en *Luzes de Galicia*. Os textos de Manuel María e de Manuel Rivas –“Xustificación” e “O viaxeiro que non se detivo na derradeira estación”–, que abren e presentan o libro póstumo, déixanse aquí para o apéndice.

A vontade da editora foi a de non facer unha edición excesivamente anotada –o que é un acerto neste momento–, non obstante estar tentada, dado que ao redor da obra abundan as referencias culturais, explícitas e implícitas. Talvez

## Completo poeta

O gozo dunha escrita apaixonada

XOSÉ FEIXÓ



esa tentación deba ser seguida e publicarse noutra ocasión, cousa que sen dúbida tamén hemos de agradecer. Con todo, o feito é suficiente para coñecermos o conxunto da produción do poeta, que, ao ser presentada a un tempo, permite

percibíla dun xeito global, podendo visualizarse a súa evolución creativa.

Ao longo dos poemas descubriremos un autor enraizado no mundo, nas creacións culturais do seu tempo (arte, música, literatura, cine...), de brazos abertos a todas as inquietudes, e que, aínda así, seguiu camiño propio, singular e independente. A pesar de ter sido incluído dentro da xeración dos oitenta, el sempre negou pertencer a grupo ningún, negando incluso a existencia de grupos. Descubriremos tamén ata que punto as propias circunstancias vitais se fan patentes nos seus poemas, sobre todo nos derradeiros. E, por enriba de todas as cousas, descubriremos o gozo dunha escrita apaixonada, profunda, sincera, sensible como poucas. E desde o principio, como en Nada: “Cun saúdo ó corpo/ á terra/ e Nada/ déronlle terra estraña/ á frol maldita/ da súa peor imaxe/ ó seu cadavre/ en plena posesión do seu futuro/ aduñándose na súa pel/ o alento envolto en seda dunha amante/ presente na súa ausencia/ as mans xeadas/ un perfume mortal/ e outra vez nada”. Para o lector moito. Unha edición ben preparada, para ler e reler, limpa e acertada, perfecta para coñecer este gran poeta.

PEREIRO, Lois, *Poesía completa*, Ed. Xerais, Vigo, 2011, PVP16, 15 €

## En clave cinematográfica

Náufrago Lois

ROCÍO MOAR QUINTELA

O avogado e narrador vigués Marcos Calveiro (1968) achéganos unha recomposición, en clave cinematográfica, da vida do poeta monfortino, que se completa cunha detallada cronoloxía, un caderno fotobiográfico e unha antoloxía poética.


Coa morte como marco (1997-2010) e cun ritmo demorado, viaxamos ata as primeiras escenas da súa infancia e adolescencia en Monforte, o período de creatividade entusiasta en Madrid, as ansias de descuberta nas viaxes por Europa a última etapa na Coruña, onde finaría, vítima da colza e da Sida, con 38 anos.

A través dos diálogos descubrimos as ilusións, dúbidas e medos dun home cunha personalidade intelixente e creativa; a importancia que tiveron na súa vida a familia, a súa compañeira Piedad e Cabo ou amigos como Manuel Rivas, Antón Patiño, Moncho Raíces... E tamén a necesidade constante de expresarse a través da escrita, buscando respostas ou no devalo entre a fuxida e a aceptación da morte.

Dun xeito paralelo, e menos explícito, seguimos o ronsel da chamada “Xeración de Transición” e do ambiente de liberdade que se respiraba entón en Galicia, Madrid e no resto de Europa. Unha apertura que deu os seus froitos na literatura e nas artes pero que tamén provocou numerosos naufraxios.

Unha obra que se achega con respecto e sen dramatismos, á figura e á obra de Lois Pereiro, autor homenaxeado neste 2011 no Día das Letras Galegas.

CALVEIRO, Marcos, *Lois Pereiro. Náufrago do paraíso*, Ed. Xerais, Vigo, 2011, PVP10, 70 €




## Escurramente sabia

Alegorías dun panteón privado

DOLORES MARTÍNEZ TORRES

Por sempre inacabada, definitivamente aberta ao que podería ter sido, velaquí a única novela que Pereiro, na súa busca da forma máis perfecta, deixou en construción. Comezou a escribir a comezos de vinte anos ebrios de lecturas e ávidos de experiencias –“todo era posible e escolliamos a morte”–; e, aínda que, co tempo, publicou unha variante dun dos capítulos de xeito indepen-



Pereiro, cun achegamento crítico ás afinidades vitais e literarias dun home que

dente, o texto (in)completo non vería a luz ata 1997, xa de maneira póstuma. Ademais do relato citado, esta recuperación de Galaxia inclúe un interesante limiar de X.M.

Pereiro, cun achegamento crítico ás afinidades vitais e literarias dun home que

“foi esencialmente poeta”.

E, en efecto, estas páxinas posúen a irracionalidade estética e escurramente sabia da poesía, non só pola linguaxe, con frases coma versos, senón tamén na tradución onírica das intensas relacións, morbidades e afectos que moven a un grupo de personaxes –Aián, Mimsi, Bernal, Lisania, Helena–, se cadra alegorías dun panteón privado –“Como vos sei! Como me sabedes!”–, conectados por relacións imprecisas, mais non por iso menos desesperadas e ferintes. Vanguardista e simbólica, metaliteraria e metafísica, a novela, coma destilación dunha esencia última, reflicte o ollar, preciso e melancólico, de quen “tiña a arte de descubrir tesouros”.

PEREIRO, Lois, *Náufrago do paraíso*, Ed. Galaxia, Vigo, 2011, PVP11 €

## Benvido de novo

Testemuñas da paixón

DORINDA CASTRO SOLIÑO

A palabra exacta. *Biografía de Lois Pereiro*, de Antón Lopo é o título co que a Editorial Galaxia se suma á serie de estudos que sobre a vida e obra do autor monfortino están a saír a luz co gallo da Letras na súa memoria.

Antón Lopo resúmenos en primeira instancia como foi a intensa sesión de votación na RAG do que saíu finalmente o nome de Lois Pereiro para darlle oportunidade a un corredor de fondo, ao poeta que perdera todo en vida agás a paixón

de atrapar, nas ondulacións da mente, a palabra exacta”.

E na procura das palabras que definan a Lois, recolle Antón Lopo as testemuñas da nai, o irmán Xosé Manuel; o amor, Piedad; Fernando, o compañeiro; Manuel Rivas, o amigo e Inés, a irmá. Entre todos e todas o lector vai compoñendo a biografía do poeta desde prismas diversos e desde di-


versa tipoloxía de texto.

Coñecemos así, de primeira man a infancia a xuventude en Madrid e Monforte, as viaxes, as procuras musicais, literarias e cinematográficas a amor, o sentido do humor que o caracterizaba e o tempo de dor e creación.


Sobre a obra opinan Daniel Salgado, Xabier Cordal, X.M. Álvarez Caccamo, Lino Braxe, Antón Patiño e Hugo Martínez Rodríguez.

E, por último, Antón Lopo “recibe” a Lois que tamén ten voz neste volume. Vén participar na entrevista concertada para maio do 96 e que a enfermidade truncara.


Benvido pois Lois de novo. *LOPO, Antón, A palabra exacta*, Ed. Galaxia, Vigo, 2011, PVP10 €



MEMORIAS DUN NENO LABREGO  
Xosé Neira Vilas



OLLOS DE AUGA  
Domingo Villar



TESOUROS NOVOS E VELLOSO  
Álvoro Cunqueiro

As mellores  
LETRAS  
GALEGAS  
2011

EDITORIAL GALAXIA





Lois Pereiro



Lois (na fronte) e o seu irmán Xosé Manuel, na praia. // FOTO CEDIDA POR OUVIRMOS



Lois coa súa parella, Piedade Cabo, nos anos 80.

Lois Pereiro é o primeiro membro da Xeración dos oitenta que recibe o recoñecemento do 17 de maio. Falta, desesa mesma promoción, outro poeta morto: Eusebio Lorenzo (Xela Arias, desaparecida máis recentemente, tamén agarda). Creo que eles dous representan os dous pólos magnéticos sobre os que gravitaban as escritas da miña xeración. A centrípeta, de Eusebio Lorenzo, que bebía da ortodoxia de Borges, de Ramos Rosa, do metro medido, da contención de René Char e da emoción a punto de reventar por debaixo das metáforas e tropos. A centrífuga de Lois Pereiro, máis radicalmente rompedora, seguía a liña dos grandes desacougados, dun Bernhard, dun Hanke, dun Paul Celan. Con todo, nos mellores momentos, tamén el deixou flotar no seu discurso o acedo sabor da enfermidade, co corazón en expansión ferido de derrotas. Houbo tantas no seu verbo que botou man, moitas veces, da ironía, o recurso dos sabios e dos perdedores e tamén, nos casos máis excepcionais, das boas persoas.

As veces a ironía consiste en afastarse de si propio, de verse en outridade, como diría Octavio Paz. Esa experiencia de afastamento leva ao estrañamento, verse alleo, estranxeiro das propias emocións e sentimentos e, en consecuencia,

fai brotar un sorriso que pode ser livián, grotesco ou mesmo aterrador. A distancia é relevante do que somos, fomos ou podemos chegar a ser. Unha gota de estupor nos ollos propios que enturbia a mirada e que talvez nos deixe ver as cousas con maior clarividencia. Cando a distancia entre o que somos e o que vemos que somos aumenta, nace o abismo. Todos os poetas de todos os tempos falan á súa beira, sentiron a súa atracción (lembrémos o famosísimo cadro *O camiñante sobre o mar* de nubes de Caspar David Friedrich, 1818, cos cabelos alborotados, de costas ao espectador, escrutando o precipicio. Non sabemos se aborto na súa contemplación ou a punto de botarse a el). Na poesía os precipicios teñen unha boca ne-

gra que nos quiere engolir. En Lois Pereiro a morte forma parte do perigo de deixar de ser, de acabar non sendo. Mais o pánico que poderíamos advertir nunha persoa que intúe o seu final aparece, case sempre, baixo o disface do sarcasmo: "E por primeira vez desde que souben/que aínda respiraba e seguía vivo/sei o que é sentir medo

a non estalo". Estremece ler estas palabras nos beizos de quen está padecendo a enfermidade, a compañeira maldita que todo o vai destruíndo. Esa doenza que atraveso o colchón para abraxelo permítelle expresar unha burla terrible contra a súa situación: "E finalmente, con sono atrasado, mal vivo/pero feliz, sero e satisfeito, xa podó regresar

ao meu cadavre".

Nós, os seus lectores futuros, tamén regresamos ao seu cadáver. Comprobamos que está moi vivo e que, no océano das súas letras, late un peito en ebulición. Sería interesante establecer o nexa que une a poética de Pereiro coas antoloxías *De amor e desamor* que o grupo de poetas coruñeses publicou nos oitenta. Entón poderíamos confirmar a súa insularidade. De novo a ironía paira sobre as pezas que conteñen unha temática amorosa. Por exemplo, no caligrama bilingüe (en francés e en galego) de xullo de 1995, que reproduce unha matriz e que expresa unha simpática homenaxe a Apollinaire no aspecto formal e un enorme canto á vida polo seu contido. Un erotismo venturoso que ferve de alegría: "o sol está a ar-

der nas nosas almas. Canta/o desexo. E eu, agora, feliz de seguir/vivo. Je t'aime. Serán. Escribo/isto con calma e sigo/sendo o mesmo, ou/iso penso./Creo."

Momentos luminosos que alternan con outros de maior desolación e abatimento. Xa o dixemos anteriormente, o corazón do artista é pendular e oscila desde o espírito abenzado pola dita a outro a punto de ser devorado polo abismo. Nese delgada liña transita a súa ánima. Unhas veces para proclamar que detrás da ledicia hai un buraco sen final; outras, para indicar que aínda coa inminencia dese final, o artista pode desfrutar acosamente. Ou beber do leite negro da soidade. Eis o destino dos poetas: soñar co ouro até facer que cada un dos seus versos nos cegue co seu brillo.

# Ironía e abismo

Océanos dun poeta

ROMÁN RAÑA

## A furia necesaria

Lois Pereiro funambulou polo lado selvaxe. Foi un escritor alternativo e periférico. Se a literatura

en galego se caracteriza por ser periférica con respecto á que se fai en castelán, o escritor de Monforte situouse no extrarradio do sistema literario galego. Pisou o territorio das substancias prohibidas e padeceu, pola súa marxinalidade, a marxinação. Sempre practicou a súa fervente disidencia e, mea culpa, sofreu por iso a postergación. Transcendeu, antes que ninguén por estes lares, iso

que se deu en chamar a poesía da experiencia. Robinsón de tantos fracasos na existencia pisou a illa da poesía esperando atopar refuxio para o seu ser vulnerado. Traballou a palabra con ansia redentora e con firme escepticismo. Foi audaz, rompedor, mais, ao seu xeito, continuador de moitas tradicións da lírica de Occidente. Atopamos nos seus versos ecos que van desde Eliot até Shakes-

peare, de Sartre a Genet, de Rilke a Joyce. Mais tamén o sopro do vendaval xuvenil: do punk intrépido e malhumorado ao rock tribal da Coruña, da iconoclastia urbana ao desafo sentimental, do pop decadente á visión metafísica de Valente, do romantismo arisco é reflexión sinuosa. Unha fauna variopinta que lle serve de pano de fondo para a representación máis dramática que puido levar a ca-

bo: o proceso da súa propia terminación. E esta fermosa singradura realízouna desde a elegancia, desde a citación comentada, desde a glosa irónica.

Dicía Cunheiro que só regresa quen recorda, compañeiros. Nós agora lembramos a figura dese perpetuo rebelde que foi Lois Pereiro, morto en plena mocidade e, por iso mesmo, eternamente mozo. Como os seus versos, apaixonadamente inconformistas, como o seu mundo, empapado de furia xuvenil.



# LETRAS GALEGAS 2011

**CERTAME DE CORAIS**  
17 DE MAIO DE 2011 ÁS 19:30  
AUDITORIO MUNICIPAL

**Coral Polifónica Novos Aires de Nigrán**  
**Coral Polifónica de Baiona a Real**  
**Coro Polifónico de Entenza**



**CONTACONTOS: ANXO FARIÑA**  
16 DE MAIO DE 2011 ÁS 18:00  
**CASA DA CULTURA CASTELAO**



ORGANIZA



COLABORA

